

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA AO FINALIZAR 3º ESO

1. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións dos que falan diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e máis no traballo colaborativo.
2. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (comentarios, opinións, exposicións de traballos coa axuda dos medios de comunicación e das TIC, informes...)
3. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes dos medios audiovisuais.
4. Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación a estes das técnicas de análise do contido de textos escritos (Indicación das ideas principais, esquematización das mesmas e elaboración de resumos e comentarios).
5. Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (conclusións sobre aprendizaxes realizadas, probas escritas, resumos, esquemas, ...)
6. Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas...
7. Recoñecemento dos mecanismos de formación de palabras.
8. Identificación dos desvíos da norma provocados polas interferencias lingüísticas do castelán, en textos orais e escritos.
9. Coñecemento da formación da lingua galega e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, con manexo de textos da época. (Historia da lingua)
10. Comprensión da situación sociolingüística galega a través da análise e comprensión de fenómenos de contacto entre linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...). Realizando comentarios críticos de textos que aborden estes conceptos sociolingüísticos e que permitan afrontar os prexuizos lingüísticos.
11. Lectura expresiva e comprensiva de textos da literatura galega desde a Idade Media até o século XIX.
12. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

Non poderá promocionar de 3º a 4º de E.S.O. un alumno/a que non posúa as habilidades mínimas de comprensión, expresión oral e escrita, elaboración de traballos de investigación, desenvolvemento de temas, realización de esquemas, redacción de comentarios, así como unha actitude respectuosa e solidaria con todos os demais membros da comunidade educativa .

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 3º ESO

- ✚ Cada avaliación o alumno/a será avaliado polo seu **labor cotián na aula e a súa actitude cara ao mesmo**. Este apartado suporá **20%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 2 puntos sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará unha **lectura** obrigatoria e as lecturas voluntarias da súa preferencia. Cada unha desas lecturas será avaliada a través de distintos procedementos e suporá **10%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 1 punto sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará un **traballo de investigación** sobre a Historia da Lingua Galega, para o cal deberá servirse das TIC. Este apartado suporá **35%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 3´5 puntos sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará un **exame** sobre os contidos conceptuais traballados na aula. Este apartado suporá **35%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 3´5 puntos sobre 10.

NON SERÁ POSIBLE APROBAR A UN ALUMNO/A QUE NUN OU VARIOS DOS APARTADOS ANTERIORES, SINALADOS NOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA CURSO, OBTIVASE UN CERO OU ABANDONASE ESE LABOR.